



BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE CARTEIS PARA O ENTROIDO DO CONCELLO DE BARBADÁS 2023

Con motivo da celebración do Entroido 2023 a Concellería de Cultura do Concello de Barbadás convoca un concurso de carteis, con arranxo ás seguintes bases:

- 1.- O obxecto das presentes bases é seleccionar entre os traballos que participen o cartel do Entroido Barbadás 2023.
- 2.- Poderá participar no concurso toda persoa física ou xurídica, cun só traballo por participante ou colectivo sendo indispensable que as obras sexan orixinais, que non reproduzan obras ou imaxes que poidan dar lugar a plaxio.
- 3.- O formato único será vertical con tamaño 50x70 (non servirán formatos proporcionais). Presentaran sobre un bastidor ríxido. Non existirán límites de tintas nin técnicas. A obra deberá ser presentada c sistemas informáticos, achegarán ademais da reprodución a cor que reúna os requisitos sinalados, e correspondente soporte magneto/óptico con todos os ficheiros necesarios para a obtención de fotolitos xunto coas fontes utilizadas, e nos seu caso, os orixinais das imaxes utilizadas.
- 4.- O cartel imprimirase en offset. O/A autor/a poderá indicar en Pantone as cores utilizadas.
- 5.- As obras levarán como único texto:

Entroido Barbadás 2023. **(Non poderán levar sinatura nin pseudónimos)**
- 6.- O tema será de libre elección e interpretación do/da autor/a, debendo reflexar o sentimento do entroido de Barbadás en todas as súas facetas.
- 7.- Os traballos presentados terán como única identificación un lema, o incumprimento desta norma será motivo de descalificación. O lema presentarse escrito no exterior dun sobre pechado. No interior do sobre xuntarase unha fotocopia do DNI do autor/a e información artístico (de estímalo oportuno), enderezo actual e teléfono. Os sobres abriranse despois da decisión do xurado, os/as concursantes responsabilizaranse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, e renuncian a calquera reclamación por dereitos de imaxe.
- 8.- A data límite para a presentación é o 13 de xaneiro de 2023. No caso de envíos por Correos ou por empresas de mensaxería, non se admitirán entregas a partir das 14:00 h. dese día. As obras entregaranse no Concello de Barbadás, rúa Cimadevila nº1 32890 Barbadás; ou nas oficinas municipais, rúa do





Viso nº2, 32002 A Valenzá – Barbadás.

9.- O Xurado encargado de seleccionar o cartel gañador estará conformado polos seguintes integrantes:

- Concelleira de Cultura (ou persoa na que delegue)
- Un/unha traballador/a da área de cultura
- Un/unha responsable de asociacións culturais do Concello de Barbadás

10.- As decisións do xurado serán inapelables e faranse públicas a través dos medios de comunicación e páxina web do concello. De estimalo necesario, o xurado poderá propor que o concurso quede deserto. Todos/as os/as que concursen recibirán información por escrito dos acordos do xurado. O Concello Barbadás corraxirá os posibles erros dos textos que figuren nas obras e resérvase a facultade de incluír logotipos ou anagramas na composición definitiva do cartel.

11.- O premio consistirá na edición do cartel seleccionado e unha dotación económica de 500 euros. O cartel premiado será propiedade do Concello de Barbadás. Dita propiedade inclúe todos os dereitos correspondente á súa reprodución, difusión e no seu caso transmisión. O Concello de Barbadás resérvase todos os dereitos de propiedade material e uso do cartel e dos distintos elementos que o conformen, xuntos ou por separa así como a súa manipulación e adaptación para adecualo nos diferentes soportes publicitarios.

12.- Os traballos non premiados deberán ser retirados despois de 20 días de feito público o fallo do xurado. Se no prazo indicado non se retiraron, entenderase que os seus autores renuncian á súa propiedade en favor do Concello de Barbadás, quen poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis oportuno.

A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A interpretación ou modificación, no caso de precisala, das presentes bases, é un dereito do Concello de Barbadás.

